

CREACIÓN DUNHA CAMPAÑA

Con esta actividade traballamos

Concienciar sobre a necesidade de ter hábitos de vida máis sostibles.

Crear unha serie de accións concretas que nos permitan conseguir eses hábitos de vida.

Deseñar e realizar unha campaña para a difusión desas accións nas redes sociais.

Están incluídos todos os ODS salvo o 16.

Durará

A actividade desenvólvese ao longo de varias sesións, dependendo do grupo. Unha vez terminada, sería interesante, cada certo tempo, revisar se se van cumprindo os compromisos que se adquiren nela.

Consideracións previas

Durante a primeira fase de desenvolvemento da campaña, o traballo pode facerse, fundamentalmente, con computadores ou tabletas. Ao final, para a súa difusión a través das redes sociais, especialmente o WhatsApp, poden necesitar ter os móbiles na clase.

Desenvolvemento

1º Fase

Dividir a clase nos mesmos grupos que na actividade “Investigación de condutas”, e explicar:

“Vimos na anterior actividade “Investigación de condutas”, os puntos fortes, débiles e a mellorar, que temos no noso modo de vida e consumo, en relación coa sustentabilidade ambiental. Aínda que moitos dos aspectos están fóra do noso alcance, outros, en cambio, son máis próximos ao noso día a día como consumidores e consumidoras. Ante isto, é importante que reaccionemos dalgún xeito, para cambiar aquilo que estea nas nosas mans nos tres conxuntos de preguntas analizados no cuestionario: consumo de enerxía, hábitos de consumo e redución de lixos e desperdicios.

Dentro de cada un dos grupos, debedes buscar accións concretas neses tres aspectos, que nos permitan cambios na nosa maneira de actuar persoal e, ademais, difundilos a outras persoas”.

Repartir as follas de traballo e deixar que os grupos elaboren a súa proposta.

2ª Fase

Cando os grupos teñan rematado, unha persoa de cada grupo levantarase para poñer en común una das accións que expuxeron. Vanse apuntando no encerado, clasificadas segundo o seu apartado (consumo de enerxía, hábitos de consumo e redución de lixos e desperdicios) e identificando aquelas que sexan similares para apuntar só os matices diferenciadores. Para evitar que os últimos grupos non poidan anotar a súa proposta enteira, cada grupo achega só unha cada vez.

Unha vez que todas están apuntadas, traballar en gran grupo as propostas e puílas ata sacar un decálogo único para a clase.

Na clase, este decálogo debe ser a base dun compromiso de todo o mundo para cumprir o exposto.

Para chegar a outras clases do centro e outras contornas do alumnado, pasaríase á seguinte fase de desenvolvemento e difusión da campaña.

3ª Fase

De volta ao traballo en grupos, a partir do decálogo redactado na anterior fase, repártense os seus puntos entre os grupos. Deben desenvolver un slogan rechamante e pegadizo cunha imaxe atractiva, de cada un deles.

Unha vez que todos os grupos teñen o seu traballo, difundilo a través das redes sociais.

Hai que reflexionar

Despois de transcrito un tempo de finalizar todo o proceso, é importante que fagan unha avaliación da campaña e valoren o seu impacto: nivel de resposta, seguidores, comentarios, cantas persoas compartiron as publicacións, interaccións.

Folla de traballo (unha para cada grupo)

Obxectivo

Debedes crear no voso grupo accións concretas, polo menos unha por cada tema, e enuncialas de forma clara e sinxela, de maneira que se facilite que todo o mundo poida entendelas e levalas a cabo. Pensade en vós e vós mesmas e na vosa contorna; deben ser accións facilmente aplicables e que signifiquen un cambio real no comportamento das persoas.

Partindo das preguntas do cuestionario, pódense analizar os puntos débiles e a mellorar e expor maneiras de actuar que axuden a que se convertan en puntos fortes.

Os tres temas

Consumo de enerxía:

Redución de lixos e desperdicios:

Hábitos de consumo: